

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE ABRIL DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público, a excepción da calzada e das beiravías do treito da estrada PO-308, situado entre os pp.qq. 16+050 e 17+320 (intersección en glorieta coa PO-504), a prol do Concello de Sanxenxo.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de tramo de concentración de accidentes na estrada AC-550. Punto quilométrico 80+400, de clave: AC/17/092.06 6, no Concello de Porto do Son.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o pazo de Santo Isidro, no lugar de Couto de Outeiro da parroquia do Carme, no termo municipal de Mondoñedo (Lugo), coa categoría de monumento.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e, complementariamente, a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de douscentos trinta e sete mil trinta e nove euros (237.039 €).

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, por un importe total de noventa e oito mil euros (98.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións conxuntas no eido da conservación da natureza, por un importe total de sesenta mil euros (60.000€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración específico entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o Concello de Vigo e a entidade empresarial Adif-Alta Velocidade, para a execución dos accesos e nova vialidade urbana do contorno da estación intermodal de Vigo, por un importe total de dez millóns setecentos vinte e un mil cento doce euros (10.721.112 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta e anticipados en porcentaxe superior a prevista no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da convocatoria do programa do Igape de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, por un importe total dun millón setecentos trinta e oito mil setecentos vinte e catro euros con corenta céntimos (1.738.724,40 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), para a incorporación de auxiliares de conversa para o curso 2018/19, por un importe total de trescentos corenta e sete mil oitocentos cincuenta euros (347.850 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI e das súas entidades para o exercicio 2018. Importe: novecentos noventa e tres mil trescentos doce euros (993.312€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación para o exercicio 2018. Importe: setecentos cincuenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros (759.826 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES GALICIA), para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da entidade para o exercicio 2018. Importe: seiscentos dezasete mil oitocentos cincuenta e seis euros (617.856 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA), para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, con discapacidade recoñecida e/ou en situación de dependencia e ás súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2018. Importe: catrocentos sesenta e nove mil cento oitenta euros (469.180 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias para o exercicio 2018. Importe total de trescentos quince mil euros (315.000 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), para o financiamento dos programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2018. Importe: douscentos vinte e dous mil oitenta e sete euros (222.087 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA), para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, ocio, formativas e de promoción do voluntariado durante o ano 2018. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (AUTISMO GALICIA), para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e das súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2018. Importe: cento sesenta e dous mil setecentos noventa e seis euros (162.796 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (ASPACE GALICIA), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e do mantemento da entidade para o exercicio 2018. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación para o exercicio 2018. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e mantemento da entidade para o exercicio 2018. Importe: corenta e cinco mil cento corenta e dous euros (45.142 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da federación para o exercicio 2018. Importe: vinte e tres mil trescentos dez euros (23.310 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia para o exercicio 2018. Importe: douscentos corenta e seis mil cincocentos euros (246.500 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Estratexia Retorna 2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa Galicia 1000.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de compras integradas 2018-2019 do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a posta en marcha de novos servizos dixitais para mellorar a accesibilidade dos/as usuarios/as á sanidade pública de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AO CONCELLO DE SANXENXO A TRANSFERENCIA DAS BEIRRARRÚAS DA RÚA PROGRESO, QUE SERÁ HUMANIZADA CUN INVESTIMENTO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS

- *O acordo dá cumprimento ao convenio recentemente asinado pola Xunta e o concello para a remodelación desta rúa*
- *Trátase do treito da estrada autonómica PO-308 que comunica Pontevedra coa Lanzada ao seu paso polo núcleo urbano de municipio, entre o cruzamento coa rúa de Madrid e a glorieta de intersección coa PO-504*
- *A intervención nesta vía mellorará a fluidez do intenso tráfico que circula por esta vía e incrementará a súa seguridade, a accesibilidade e a integración urbana da mesma e o seu desfrute polos peóns*
- *A Xunta manterá a titularidade dos carrís de circulación que forman a calzada e das beiravías; será competencia do concello o resto do dominio público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello de Sanxenxo das beirarrúas da rúa Progreso, na estrada autonómica PO-308 que comunica Pontevedra coa Lanzada e que atravesa o núcleo urbano de municipio, entre o cruzamento coa rúa de Madrid e a glorieta de intersección coa PO-504.

Con este acordo avánzase na materialización do convenio de colaboración asinado entre a Xunta e o Concello o pasado día 22 de marzo para a remodelación desta rúa, cunha achega da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de máis de 1,8 millóns de euros e que supón un investimento total de máis de 2,5 millóns.


Coa urbanización da rúa Progreso, acadarase unha importante mellora na fluidez do intenso tráfico que circula por esta vía e incrementarase a seguridade, a accesibilidade e a integración urbana e o seu desfrute polos peóns, con beirarrúas máis anchas, aparcadoiros ordenados e xardíns.

O Concello de Sanxenxo manifestou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o seu interese polo cambio de titularidade da zona de dominio público deste travesía, toda vez que a Administración autonómica colabora co concello na humanización completa desta rúa.

Dado que este treito está considerado coma urbano e que a Lei de Estradas de Galicia establece que se cumpre as condicións do cambios de titularidade, os servizos competentes da Xunta emitiron informe favorable sobre a cesión á Administración local de todo o dominio público, a excepción da calzada e beiravías, no treito da PO-308 situado entre os pp.qq. 16 + 050 e 17 + 320 (intersección en glorieta coa PO-504).

Polo tanto, unha vez tramitada a transferencia, a Xunta de Galicia terá a titularidade dos carrís de circulación que forman a calzada e das beiravías; será competencia do concello o resto do dominio público.

Co cambio de titularidade, o Concello de Sanxenxo poderá actuar sobre os elementos que se transfiren, que pasan a ser de titularidade municipal, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns das zonas polas que discorre.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA ELIMINAR UN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NO ACCESO AO PORTO DE PORTOSÍN, CUN INVESTIMENTO DE CASE 500.000 EUROS

- *O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas as obras de mellora da seguridade viaria na estrada AC-550, na intersección entre o acceso ao peirao e a avenida da Deputación, no concello de Porto do Son*
- *Construirase unha glorieta para mellorar a seguridade do cruzamento, situado nunha curva de radio reducido e escasa visibilidade*
- *Os traballos incluirán unha adecuación do contorno, no cal se sitúan igrexa de San Sadurniño de Goiáns e o cemiterio, con novas zonas de estacionamento e unha pasarela sobre o rego*
- *Esta actuación forma parte da estratexia da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para eliminar todos os treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas nesta lexislatura*
- *Prevense actuacións en 90 quilómetros de estradas autonómicas, cun investimento que superará os 12 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada AC-550 (Cee-Ribeira), na intersección co acceso ao peirao de Portosín e a avenida da Deputación, no concello de Porto do Son.

A actuación conta cun orzamento de case 500.000 euros, aos cales deben sumarse os preto 44.000 euros que se estiman necesarios para a expropiacións dos 3 predios afectados.


As obras serán licitada nas vindeiras semanas. O proxecto ten por obxecto a mellora da seguridade viaria da intersección en que conflúen a estrada autonómica da AC-550 (p.q. 80+400), o acceso ao peirao de Portosín (denominado Travesía da Igrexa) e a avenida da Deputación (antigo trazado da AC-550, pertencente ao Concello de Porto do Son).

Esa intersección atópase nunha curva de radio reducido, o que provoca que a súa visibilidade sexa escasa, en especial para os movementos desde a Travesía da Igrexa á AC-550. A construción dunha glorieta permitirá calmar o tráfico e que os xiros se realicen en condicións máis seguras.

Esta intervención inclúe, ademais o acondicionamento da contorna. As actuacións permitirán reordenar e urbanizar, o espazo sobranste entre a AC-550 e a avenida da Deputación, que serve de acceso á igrexa de San Sadurniño de Goiáns e ao cemiterio,

habilitando zonas de aparcadoiro para atender a demanda existente de prazas de estacionamento e pavimentando do mesmo.

Tamén se executará unha pequena pasarela de madeira sobre o Rego da Igrexa, para facilitar o acceso desde o aparcadoiro e a contorna da igrexa.



Esta obra de reforzo da seguridade viaria na AC-550 en Portosín é a primeira que licita a Consellería de Infraestruturas e Vivenda no marco do Plan da seguridade viaria de Galicia 2016-2020, no cal o Goberno galego está a desenvolver unha estratexia para intentar reducir os accidentes das estradas de titularidade autonómica, nos treitos cualificados como tramos de concentración de accidentes.

A Xunta prevé actuacións en 90 quilómetros, cun investimento que superará os 12 millóns de euros no horizonte desta lexislatura.

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O PAZO DE SANTO ISIDRO, EN MONDOÑEDO

- *Polas súas especiais características, o pombal será incluído no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, cun nivel de protección integral*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento, o Pazo de Santo Isidro, en Mondoñedo. Así mesmo, e froito da consideración parcial da única alegación presentada na tramitación do expediente, decrétase a inclusión do pombal situado no contorno de protección do pazo no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, cun nivel de protección integral. Neste sentido, valorouse a súa calidade construtiva, as súas dimensións e as evidencias dunha relación co uso do pazo.

O Pazo de Santo Isidro está sito lugar do Couto de Outeiro da parroquia do Carme, preto da ponte do Pasatempo, polo que domina o val da vila. A súa situación fai referencia a un lugar de xurisdición importante e zona de mundo por poder real. Non en balde, nas súas inmediacións atopouse un documento de xustiza, o que confirma que o lugar estivo relacionado coa xurisdición civil e criminal. Ademais, ao pé do inmobile está a calzada que levaba ata a devandita ponte que daba entrada á cidade de Vallibria, actualmente Mondoñedo.

Ao longo da súa historia – a edificación actual é do S.XVII con orixe medieval, aínda que a planta baixa é moito máis antiga- o pazo estivo dedicado a varios usos, primeiro como torre de xurisprudencia e despois como convento das Concepcionistas, antes de converterse en pazo residencia. No 1627 o lugar foi adquirido polo capitán pedro Fernández Vaamonde y Saavedra e a súa muller dona María de Losada. Casado en segundas nupcias con dona María Pardo de Andrade, en 1656 fundou o morgado a favor do seu fillo don Isidro Alonso Vaamonde Pardo e Sarmiento, ademais de fundar a ermida da Nosa Señora do Socorro do Couto de Outeiro, incluída no expediente de declaración como BIC.

O pazo está formado por diversos corpos rectangulares acaroados que conforman un conxunto de planta irregular cun patio porticado na parte posterior, do que cabe salientar os capiteis e bases das columnas de pedra e os seus fustes en madeira pintada, pouco frecuente en Galicia e moi populares en Castela. Así mesmo, é curiosa a orientación da entrada principal do pazo, de cara á montaña e non ao val de Mondoñedo, que coincide co paso do trazado do Camiño Real.

O expediente de declaración do ben como de interese cultural inclúe, ademais da edificación principal, os dous escudos con que conta o pazo coas súas correspondentes inscricións e, no interior, as dúas chemineas, os pavimentos de pedra,

A XUNTA INCREMENTA PRETO DUN 20 POR CENTO A COLABORACIÓN CO COLEXIO DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN A VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Inclúe tamén o programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, o programa "Abramos o círculo"*
- *Ademais de ofrecer cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por causa de violencia de xénero, sempre que sexa preciso*
- *Desde o ano 2009, 3.338 mulleres e 1.180 menores beneficiáronse do programa de atención psicolóxica e 701 homes do programa Abramos o Círculo*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. O convenio tamén recolle un programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Este ano o convenio increméntase en preto dun 20 por cento, cun total de 237.039 euros, dos cales 202.439 euros son para o programa de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero e 34.600 euros para o programa Abramos o círculo. Concretamente, increméntase en 37.400 euros a partida destinada á atención psicolóxica de menores, impulsando así o apoio e asistencia aos nenos e nenas fillos das mulleres vítimas da violencia de xénero, vítimas directas tamén desta violencia, seguindo a medida 149 do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

O convenio inclúe o programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e para outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles faciliten a súa recuperación.

Inclúe tamén o programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa denominado "Abramos o círculo", coa finalidade de darlles recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control da violencia no ámbito familiar.

Ambos os dous programas contan cun profesional da psicoloxía que os coordina e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención consistente en asistencias e consultas as persoas beneficiarias, asistencia oral en xuízo por parte das psicólogas e psicólogos do programa.

Inclúese ademais no convenio, a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por causa de violencia de xénero, sempre que sexa preciso, e en coordinación co grupo GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias), así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias.

Desde o ano 2009, 3.338 mulleres e 1.180 menores beneficiáronse do programa de atención psicolóxica a eses colectivos, e 701 homes do programa Abramos o círculo, ambos articulados a través deste convenio, entre a Vicepresidencia e Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

- *A convocatoria está dotada con 98.000 euros, cos que se financiarán as actividades formativas entre o 1 de setembro de 2018 e o 31 de agosto de 2019*
- *Os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia e estar en posesión dun título universitario do ano 2008 ou posterior*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo para a concesión de seis bolsas de formación para expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento para o período 2018-2019, convocadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

A convocatoria está dotada con 98.000 euros que servirán para financiar as actividades de formación destes seis bolseiros entre o 1 de setembro de 2018 e o 31 de agosto de 2019. O seu obxectivo é apoiar a formación de persoas expertas en cooperación internacional, cumprindo co establecido nos plans directores da Cooperación Galega, en especial no que se refire ao apoio á formación e á capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

Os destinos das bolsas serán a sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela e as oficinas técnicas de cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. O importe das bolsas será de 1.200 euros brutos mensuais mais os gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 euros, no caso de que os destinos sexan na sede da dirección xeral.

Entre outros requisitos, os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia e estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente. Non ter gozado anteriormente doutra bolsa de formación no eido da cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia, non ter emprego remunerado.

O proceso de selección realizarao unha comisión conformada pola subdirectora xeral de Cooperación Exterior, persoal funcionario da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e unha persoa experta en cooperación para o desenvolvemento, e contará con dúas fases: unha fase de valoración de méritos e unha fase de entrevista na cal se valorará o coñecemento da materia obxecto das bolsas e a capacidade de resposta, madurez, motivación e iniciativa das persoas candidatas.

MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NA MELLORA E REINTRODUCCIÓN DO MEXILLÓN DE RÍO EN VARIOS TRAMOS FLUVIAIS

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela por un importe de 60.000 euros*
- *Este especie está a sufrir unha regresión en toda a súa área de distribución debido á degradación ambiental das bacías hidrográficas, tendo en Galicia un dos seus últimos refuxios en Europa*
- *O mexillón de río é unha das especies máis ameazadas en Europa, polo que a recuperación das súas poboacións son unha ferramenta importante para a mellora da calidade das augas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo traballos de investigación encamiñados a desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*), especie catalogada en perigo de extinción en Galicia.

Con base neste convenio, que se prolongará ata o ano 2020 por un importe total de 60.000 euros, a Consellería de Medio Ambiente autoriza á Universidade de Santiago a empregar as instalacións do Centro Ictioxénico do Veral, en Lugo, para levar a cabo estes traballos de investigación.

Este especie está a sufrir unha regresión en toda a súa área de distribución paralelamente á degradación ambiental das bacías hidrográficas, mentres que en Galicia ten un dos seus últimos refuxios en Europa grazas a que as actividades agrogandeiras tradicionais permitiron manter unha axeitada calidade das augas.

Cómpre lembrar que o mexillón de río é unha das especies máis ameazadas en Europa, polo que a recuperación das súas poboacións permitiría no futuro unha importante mellora na calidade das augas, xa que actúan como filtradores biolóxicos naturais.

Nese sentido, en virtude do convenio autorizado esta mañá, a Universidade de Santiago prestará asesoramento e apoio técnico no cultivo de bivalvos de auga doce, e para garantir o estado sanitario e xenético dos peixes que se utilizan como hospedadores das larvas dos mexillóns, e elaborará os informes e documentos técnicos en relación coa conservación do mexillón de río e o seu cultivo, co fin de reforzar as súas poboacións ou traslocar a especie naqueles tramos fluviais nos cales se considere posible a implantación de poboacións viables.

Así, a Universidade de Santiago comprométese a dirixir e supervisar o desenvolvemento de técnicas de cultivo de bivalvos de auga doce coa finalidade de mellorar a produción e a recuperación das especies que se atopan baixo algunha figura de protección, xa sexa de ámbito internacional, nacional ou autonómico.

No Centro Ictioxénico do Veral, dependente da Consellería de Medio Ambiente, vense desenvolvendo desde o ano 2012 -en colaboración coa USC- un proxecto piloto para iniciar o ciclo reprodutivo do mexillón de río.

Trátase dunha acción que dá continuidade ao proxecto Life + Margal Ulla (xa rematado e que contou cun orzamento duns 3,3 M€) financiado con Fondos Life + Natureza e Biodiversidade, que tiña por obxectivo a conservación e mellora das poboacións desta especie en perigo de extinción (*Margaritifera margaritifera*), así como da toupa de río (*Galemys pyrenaicus*), co fin de reforzar as poboacións ou reintroducir a especie naqueles tramos fluviais nos cales sería viable a súa supervivencia na bacía do Ulla.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO E O MINISTERIO DE FOMENTO PARA O FINANCIAMENTO DOS ACCESOS Á ESTACIÓN INTERMODAL E O CENTRO VIALIA, CUN INVESTIMENTO DE 10,7 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego achega desta forma ao proxecto 1,7 millóns adicionais aos 12,3 millóns de euros xa previstos para a construción da nova estación de autobuses intermodal*
- *A actuación supón unha gran reordenación urbana na cidade, eliminando o tapón que supón para o tráfico urbano a limitación de gálibo da rúa Alfonso XIII, imposto polo viaduto de acceso á AP-9*
- *Construirase unha vía soterrada que comunique a rúa Lepanto coa autoestrada, pasando baixo a parcela da intermodal*
- *O Ministerio de Fomento ultima o encaixe técnico dos accesos no proxecto conxunto que integran a estación de autobuses, a estación de ferrocarril e o Centro Vialia, paso imprescindible para tramitar a autorización urbanística*
- *A Lei autonómica de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese permite desenvolver este gran proxecto estratéxico para Vigo a pesar de que a cidade continúa sen plan xeral de ordenación municipal*
- *O atraso de dous anos do Concello de Vigo á hora de asumir a súa responsabilidade sobre eses accesos impide que o Centro Vialia e a estación de autobuses estean xa en execución*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Goberno galego, o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento, a través de Adif, para o cofinanciamento dos accesos da estación intermodal e do centro Vialia, cun investimento conxunto de máis de 10,7 millóns de euros.

Esta actuación ten como obxectivo a comunicación da nova terminal de autobuses, a estación de ferrocarril e o Centro Vialia coa súa contorna urbana inmediata para facilitar os desprazamentos.

O obxectivo é eliminar o tapón que supón para o tráfico urbano a limitación de gálibo existente na rúa Alfonso XIII, imposto polo viaduto de acceso á AP-9. Para iso, construírse unha vía soterrada que comunique a rúa Lepanto coa AP-9, pasando baixo a praza da estación e a parcela da futura terminal de autobuses.

Eses accesos, que serán cofinanciados entre as tres administracións, supoñen unha importante mellora para o tecido urbano de Vigo, cunha reorganización do tráfico que optimizará a súa fluidez.

A Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, licitará, adxudicará, executará e dirixirá as obras de conexión do ramal da AP-9 coa estación de autobuses e da rúa Lepanto coa AP-9, así como do tramo de falso túnel entre a terminal, Vialia e a autoestrada. Ademais, financiará a execución relativa ás obras das instalacións e balizamentos.

A Adif correspóndelle redactar e aprobar a redacción do proxecto de trazado e de construción dos accesos e financiar as obras do citado treito de falso túnel e do túnel da rúa Lepanto- AP-9 e Lepanto- estación de autobuses. Tamén se encargará de licitar, adxudicar e executar o proxecto da conexión Vialia- AP-9 e financiar as actuacións das instalacións e balizamentos.

O Concello deberá licitar, adxudicar e executar a conexión do túnel de Lepanto coa AP-9, no tramo entre a primeira e a estación de autobuses, demoler o paso elevado da rúa Lepanto e financiar obras de instalacións e balizamentos.

O Goberno galego achegará desta forma ao proxecto 1,7 millóns adicionais aos 12,3 millóns de euros xa previstos para a construción da nova estación de autobuses intermodal. Desa forma, a Xunta investirá 14 millóns de euros na estación intermodal de Vigo.

Actualmente, o Ministerio de Fomento ultima o encaixe técnico dos accesos no proxecto conxunto que integran a estación de autobuses, a estación de ferrocarril e o Centro Vialia, paso imprescindible para tramitar a autorización urbanística.

O Goberno galego e o Ministerio de Fomento, a través do Adif, integraron o conxunto nun único proxecto para a súa tramitación na Xunta de Galicia a través da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, coa fin de obter a autorización urbanística necesaria para a súa execución.

Desta forma garántese a execución do proxecto estratéxico para Vigo nun contexto marcado pola anulación xudicial do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, que tivo lugar en decembro de 2015. A cidade non ten polo momento un novo Plan xeral.

Ao iniciar a tramitación do proxecto conxunto a través da devandita lei, a Xunta solicitou o preceptivo informe municipal, incluíndo a conformidade co deseño do conxunto.

Nese mesmo informe, o concello asumiu por primeira vez en dous anos a súa responsabilidade sobre a definición dos accesos, unha actuación complexa a nivel técnico que tivo que ser incorporada ao proxecto conxunto.

Ese atraso do Concello de Vigo na definición dos accesos impide que a estación de autobuses e o Centro Vialia estean xa en execución.

O Executivo autonómico está a apostar pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

Con esas premisas, xunto coa da integración na contorna e da procura da harmonía co proxecto que impulsa o Ministerio de Fomento para a reforma da terminal ferroviaria e o centro comercial, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten rematado o proxecto básico da nova estación de autobuses. O Centro Vialia está tamén adxudicado.

Desa forma, unha vez que se aprobe definitivamente o proxecto de accesos, a Xunta poderá continuar coa tramitación da Lei 3/2016 co que se acada o visto e prace urbanístico, necesario para licitar as obras da estación de autobuses e iniciar as do Centro Vialia.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS Á FORMACIÓN DE 40 NOVOS ESPECIALISTAS QUE AXUDARÁN ÁS EMPRESAS GALEGAS NO SEU PROCESO DE INTERNACIONALIZACIÓN

- *O programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria facilitalles ás persoas seleccionadas mellorar a súa empregabilidade e permite ás pemes potenciar a súa competitividade no estranxeiro*
- *A formación práctica, que inclúe 12 meses en contacto co tecido empresarial galego, complétase cun segundo ano de estadía en 14 posibles destinos de Asia, América, África e Europa*
- *Reforza as capacidades do capital humano para internacionalizarse e a promoción e contratación de traballadores altamente especializados, de acordo cos obxectivos da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que a Xunta está a desenvolver*
- *Esta iniciativa facilitou ata o momento a especialización de 295 novos titulados que colaboraron coas empresas galegas en mercados como Filipinas, Canadá, Tailandia, Estados Unidos, China, Australia, Corea ou Emiratos Árabes*
- *A mellora da competitividade exterior das empresas galegas reflíctese no volume das exportacións do pasado ano, que alcanzaron o récord histórico de 21.676 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases reguladoras da nova convocatoria do programa para a adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, e dotada con máis de 1,7 millóns de euros.

A convocatoria, que se publicará en próximas datas, está destinada a facilitar a especialización no eido do comercio internacional de 40 novos titulados (universitarios ou profesionais no ámbito vinculado ao mundo empresarial).

As 40 bolsas achegarán formación práctica conxunta en Galicia durante 12 meses e especialización sobre o terreo en catorce destinos mundiais durante un segundo ano, onde colaborarán con proxectos de internacionalización de empresas galegas, nos mercados internacionais de maior interese estratéxico para o tecido empresarial da Comunidade.

A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, contribúe así á capacitación profesional de novos titulados para consolidar o proceso de internacionalización de empresas, para facilitar o seu acceso ao mercado laboral, e para impulsar o desenvolvemento de proxectos de internacionalización das pemes galegas nos cales colaborarán os bolseiros achegando os seus coñecementos ao tempo que reforzan a súa formación práctica.

A programación das bolsas de formación convocadas abrangue o estudo dos ámbitos máis importantes dos mercados estranxeiros, a análise das oportunidades e debilidades dos sectores estratéxicos galegos en relación coa súa internacionalización e o estudo das formas de introdución das empresas nos mercados estranxeiros, contando para a aprendizaxe co apoio de titores tanto nas estadias no estranxeiro como en Galicia.

Este programa formativo enmárcase na *Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020*, desenvolvida pola Xunta, e que ten como un dos seus eixes a promoción da cultura de internacionalización no tecido produtivo. Acadar a formación do capital humano neste ámbito, proporcionar recursos altamente especializados nos mercados exteriores e impulsar a contratación dos novos titulados por empresas en proceso de expansión internacional son os obxectivos deste eixe da Estratexia e da convocatoria das bolsas que aproba o Consello da Xunta.

O programa facilitou ata o momento a especialización de 295 novos titulados galegos que se especializaron en comercio exterior mentres colaboraron coa internacionalización das empresas de Galicia desde mercados tan dispares como Filipinas, Canadá, Tailandia, Estados Unidos, China, Australia, Corea ou Emiratos Árabes, entre outros moitos.

O labor desenvolvido polos bolseiros durante os últimos anos non é alleo ao incremento da competitividade exterior das empresas galegas, que se afianzou o pasado 2017, cando as empresas galegas superaron os 21.000 millóns de euros en vendas no exterior, un 8,2 % máis que en 2016. O comezo de 2018 confirma a tendencia positiva, cunha suba do 34,5 % no mes de xaneiro.

A Xunta de Galicia impulsa tamén a internacionalización das empresas galegas mediante proxectos individuais ou colectivos ao amparo do programa Galicia Exporta, dotado con 6,5 millóns de euros na convocatoria vixente, para a que se recibiron máis de 400 solicitudes que están en fase de estudo. Está igualmente activo o plan Foexga, dotado con 1,4 millóns de euros e que impulsa e coordina coas Cámaras de Comercio a localización de novos clientes para as empresas galegas en mercados internacionais.

EDUCACIÓN INCREMENTA NUN 25% O NÚMERO DE AUXILIARES DE ALTO PERFIL ACADÉMICO EN INGLÉS

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio coa Comisión Fulbright, ao cal se destina un 25 % máis*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión Fulbright de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América renovarán este ano por terceiro ano consecutivo o convenio a través do que se dotará o sistema educativo galego de 30 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico, un 25 % máis ca no presente curso. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura deste acordo, ao cal se destinará un total de 347.850 euros, un 25 % máis ca no curso 2017/18.

O obxectivo desta iniciativa é favorecer a presenza de persoas nativas de fala inglesa cun alto perfil académico nos IES plurilingües galegos, contribuíndo ao fomento das vocacións STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e informática), así como á competitividade futura do alumnado nestes eidos, nos que o dominio da lingua inglesa é fundamental. A propia Comisión farase cargo do proceso de preparación e difusión da convocatoria e da preselección dos auxiliares de conversa, segundo os criterios de obxectividade, calidade e independencia que rexen os seus programas; e encargarse do seguimento do programa e da xestión do aboamento das compensacións mensuais ás persoas bolseiras, así como da organización dos seminarios de orientación e seminario de seguimento e evolución que se realiza para todas as persoas bolseiras Fulbright estadounidenses en España.

Esta medida enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, EDUlingüe, cuxo obxectivo fundamental é estender o plurilingüismo a todas as etapas educativas e facilitar que os alumnos e alumnas poidan acreditar o seu nivel de lingua estranxeira ao final de etapa. Ao seu abeiro, Galicia conta na actualidade cun total de 322 centros plurilingües e 4.145 seccións bilingües.

Entre os obxectivos da estratexia EDUlingüe no horizonte 2020 está alcanzar os 500 centros plurilingües, 600 novas seccións bilingües e duplicar o número de auxiliares de conversa ata chegar aos 1000. Ademais, tamén se favorecerá a certificación de nivel do alumnado ao remate da etapa, co fin de que o 30 % dos mozos e mozas que finalicen a ESO en centros plurilingües certifiquen un nivel B1, e o 30 % dos de bacharelato faga o mesmo en B2.

A XUNTA REFORZA A ACHEGA ECONÓMICA ÁS ENTIDADES SOCIAIS QUE TRABALLAN EN GALICIA NO EIDO DA DISCAPACIDADE

- ***A Administración autonómica destinará máis de 4,2 millóns de euros a trece acordos de colaboración para o financiamento doutras tantas agrupacións sociais***
- ***Destes convenios nominativos beneficiaranse, Cogami, Fademga Plena Inclusión, Agat, Autismo Galicia, Down Galicia, Faxpg, Feafes-Galicia, Fegadace, Aspace Galicia, Fagal, Fegerec, Aspaysm e Special Olympics Galicia***

A Xunta deu luz verde esta mañá aos convenios de colaboración nominativos para o mantemento de doce entidades do ámbito social. Así, o Goberno galego destinará unha contía global de 4.232.963 euros a trece organizacións que centran o seu traballo no eido da atención a persoas con discapacidade e aos seus familiares. Estes acordos repercutirán de xeito directo en máis de 70.000 usuarios e usuarias dos programas e servizos que estas entidades desenvolverán ao longo do presente ano 2018.

A través desta medida, o Executivo autonómico incrementa nun 5% a achega económica que concede a cada unha das trece entidades beneficiarias dos acordos ratificados na xuntanza do Consello de hoxe, das que nove integran o CERMI. Así, Down Galicia obterá 469.180 euros; a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) percibirá 993.312 euros; a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (Fademga-Plena Inclusión Galicia) percibirá 246.500 euros; a Federación de Asociacións de Familiares e enfermos mentais de Galicia (Feafes-Galicia) terá unha axuda de 617.856 euros; Autismo Galicia percibirá 162.796 euros; a Federación Galega de Asociacións de atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou patoloxías afíns (Aspace-Galicia) recibirá 89.250 euros; o acordo coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg) ascenderá a 759.826 euros; e o que se asinará coa Federación de Asociacións Galegas de familiares enfermos de Alzheimer (Fagal) acadará os 89.250 euros; e á Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) destinaranse 222.097 euros. Ao tempo, a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) recibirá 315.000 euros; a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec) levará 23.310 euros; Special Olympics Galicia terá unha achega de 199.443 euros; e, por último, a subvención para a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaysm) será de 45.142 euros.

Coa renovación destes acordos, a Xunta garante a blindaxe do financiamento ás entidades que actúan na procura da mellora da calidade de vida e plena inclusión das persoas con discapacidade, ao constituíren unha peza fundamental de cara a completar a rede galega de servizos e programas dirixidos á atención e coidado deste sector da poboación.

Por último, hai que sinalar que estes convenios repercuten na totalidade do colectivo de persoas con distintas capacidades en Galicia, que representan ao redor do 8 % da poboación –ao redor de 230.000 persoas-. Coa intención de chegar a toda esta cidadanía, os acordos abordados hoxe no Consello están destinados a federacións que teñen un eido de atención específico para a súa área de discapacidade, e polo tanto, levan a cabo accións distintas con persoas xordas, con síndrome de Down, con parálise cerebral ou Alzheimer entre outras discapacidades.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA RETORNA 2020, CON MEDIO CENTO DE MEDIDAS QUE PERSEGUEN O RETORNO DE MÁIS DE 20.000 GALEGOS DO EXTERIOR

- *O documento, incluído no vindeiro Plan estratéxico de emigración e retorno 2020, pretende lograr un incremento do 50 % no número de retornados, dos cales máis de 12.000 serán menores de 45 anos*
- *Consolida a aposta do Executivo autonómico polo rexuvenecemento da poboación galega e o recoñecemento do dereito ao retorno dos emigrantes galegos e os seus descendentes*
- *O Goberno galego destinará a este obxectivo máis de 15 millóns de euros en medidas específicas, como a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retornado, e máis de 220 en transversais*

A Xunta de Galicia aprobou a “Estratexia Retorna 2020”, o documento que, a través de medio cento de medidas tanto específicas como transversais, busca incrementar nun 50 % o número retornados nos vindeiros anos ata superar os 20.000, dos cales o 60 %, é dicir, 12.000 persoas, serán menores de 45 anos. O obxectivo é dobre: por unha banda, rexuvenecer a poboación galega e contribuír a superar a crise demográfica que atravesa a comunidade, e, por outra, facilitar o dereito dos emigrantes galegos e máis os seus descendentes a regresar a Galicia.

Trátase dun conxunto de iniciativas elaboradas por todos os departamentos do Goberno galego e coordinadas pola Secretaría Xeral da Emigración, dependente de Presidencia, que contarán cun investimento de máis de 15 millóns de euros só en medidas especialmente deseñadas para os galegos do exterior, e máis de 220 millóns en propostas transversais con incentivos específicos para os retornados.

Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retornado

O Executivo galego reflicte así en feitos, a través de medidas e obxectivos concretos, a súa aposta polo cambio demográfico da comunidade autónoma, que se enriquecerá, ao mesmo tempo, da experiencia e o coñecemento dos galegos que residen no estranxeiro. A eles van destinadas as 22 iniciativas exclusivamente dirixidas aos emigrantes, e aos seus descendentes, retornados, as 14 que conteñen incentivos específicos, e as 14 restantes de carácter transversal.

Entre as primeiras destaca a creación da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retornado, que pretende iniciar o proceso que acompañará aos retornados durante todo o camiño de regreso, desde antes mesmo de que se pensen en Galicia como posibilidade de futuro ata o seu asentamento laboral na comunidade galega. Ao longo deste percorrido os retornados poderán beneficiarse, entre outras, da

creación das bolsas para cursar estudos de formación profesional superior para emigrantes retornados, e do reforzo das bolsas excelencia mocidade exterior (BEME), das axudas aos retornados emprendedores e das axudas extraordinarias ao emigrante retornado, que contarán cunha nova liña de axudas para familias con fillos menores de idade.

Para este fin os diferentes departamentos do Goberno galego elaboraron ou modificaron un total de vinte medidas de carácter laboral ou empresarial, como incentivos para a consolidación do emprego autónomo, a contratación de traballadores retornados por parte de empresas ordinarias ou autónomos, así como para a posta en marcha de pemes de nova creación por parte de galegos retornados ou o incentivos especiais para os retornados nas medidas de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT); de carácter social, como os incentivos para os retornados na Tarxeta Benvida; informativas; formativas; de vivenda, como o acceso ás axudas para o alugamento dos retornados como colectivo específico; e de I+D+i, como o programa Oportunius, dirixido á captación e retorno de investigadores de ata 35 anos.

Cada vez menos emigrantes e máis galegos no exterior

O contexto actual reflicte unha tendencia migratoria en Galicia que está a converter o seu pasado emigrante nunha oportunidade demográfica e económica fundamental para afrontar o reto demográfico da comunidade. Os datos amosan unha realidade que demostra que crece o número total de galegos residentes no exterior, integrado polos emigrantes e máis os seus descendentes que xa naceron no estranxeiro (en 1 de xaneiro de 2018 había 516.489, 4.659 máis ca o ano pasado). Pola contra, diminúe o número de galegos emigrantes, é dicir, só os que naceron en Galicia e residen no estranxeiro (hai 154.312, 1.913 menos ca o ano pasado). En resumo, redúcese o número de emigrantes, pero aumenta o número de galegos no exterior.

Do total de galegos no exterior (emigrantes máis os seus descendentes), 364.214, máis do 70 %, teñen menos de 64 anos, e é unha cifra que crece cada ano grazas aos descendentes dos emigrantes (mentres os emigrantes, nados en Galicia, menores de 64 anos se reducen). Desde 2009, a poboación galega nacida no exterior incrementouse en 132.231 persoas, mentres que as nadas en Galicia e residentes no exterior descendieron nese mesmo período en 10.337 persoas.

Un retorno que medra

O ano pasado chegaron a Galicia 3.025 persoas máis das que saíron, tanto desde outras partes de España como do estranxeiro, o que significa que o saldo migratorio de Galicia de 2016, o último con datos oficiais, é positivo. Unha parte importante deles son mozos. Tomando como referencia só o saldo migratorio das persoas de entre 15 e 34 anos, observamos que en 2016 Galicia gañou 143 habitantes mozos. Ademais, a evolución do retorno creceu positivamente de xeito continuo desde 2013.

Así, a realidade migratoria actual de Galicia amósanos que somos a comunidade autónoma coa menor taxa de emigración de toda España. Respecto das cifras de retorno, en 2016 retornaron a Galicia 5.125 galegos en total, dos cales 640 teñen entre 16 e 24 anos, e o 80 % son menores de 65. Ademais, a maioría das persoas que retornan están en idade de traballar, preto do 64 %. Moitos deles, de feito, son familias que elixen Galicia para o seu desenvolvemento familiar e profesional.

Máis información sobre a Estratexia Retorna 2020 nas ligazóns

- <http://emigracion.xunta.gal/estratexia-retorna-2020>
- <http://emigracion.xunta.gal/es/estrategia-retorna-2020>

A XUNTA ACHEGARÁ ESTE ANO FINANCIAMENTO A MÁIS DE 3100 PEMES PARA QUE MOBILICEN 500 M € EN NOVOS PROXECTOS

- *O programa Galicia 1000 enfócase especialmente ao crecemento do tecido empresarial no ámbito da Industria 4.0, o que mellora a súa competitividade, e á creación de novas empresas por emprendedores*
- *O pasado ano, a Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiou máis de 3000 proxectos empresariais, entre os que destacan novos investimentos en sectores como o aeronáutico, agroalimentario ou a fábrica intelixente*
- *Desde a posta en marcha deste programa integral de financiamento hai tres anos e medio, o Goberno galego impulsou a mobilización de máis de 1175 millóns de euros, destacando sobre todo a industria manufacturera co 64 % do investimento total*
- *O 70 % dos proxectos foron apoiados mediante instrumentos financeiros como garantías, préstamos directos ou bonificados, correspondendo o 30 % restante a programas de axudas*

A Xunta activou unha nova edición do Programa Galicia 1000 coa cal se pretende facilitar financiamento a máis de 3100 proxectos de emprendedores, microempresas e pemes mediante a activación dun orzamento cifrado en preto de 135 millóns de euros. Con esta nova achega, a Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé mobilizar en 2018 máis de 500 millóns de euros a través de instrumentos financeiros que facilitan o crecemento empresarial, a mellora da competitividade e os investimentos no ámbito da Industria 4.0.

A nova edición do programa Galicia 1000 mantén como obxectivo fundamental o de facilitar o acceso ao crédito e procurar que ningún proxecto empresarial viable quede sen desenvolver por falta do instrumento axeitado ás súas características. O programa seguirá a facilitar apoio financeiro para creación e desenvolvemento temperán de novas empresas por emprendedores, para a consolidación, crecemento, mellora da competitividade e internacionalización das pemes -especialmente no ámbito da Axenda Industria 4.0-, e para apoiar proxectos innovadores no marco da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

Dos 134,6 millóns de euros orzamentados, 35 millóns, o 26 % do total son axudas para investimentos de pemes e emprendedores e para accións de internacionalización, mentres que o 74 % restante corresponde a capital risco, liñas de préstamos, garantías ou instrumentos financeiros para atender situacións de emerxencia como as motivadas por climatoloxía adversa.

Con esta nova edición do programa Galicia 1000, o Goberno galego propónse seguir facilitando instrumentos de financiamento axeitados ás necesidades das empresas galegas a partir da procura do efecto multiplicador dos recursos da Unión Europea e do orzamento

da Xunta, e da colaboración tanto entre administracións como público-privada como fórmula de atraer financiamento adicional.

O Galicia 1000, xestionado polo Igape, púxose en marcha en xuño de 2014 para afianzar o marco da recuperación económica, e está conformado por un paquete integral de medidas que inclúen a bonificación de gastos financeiros, as axudas en forma de garantía (avais e reavais), préstamos, capital risco e axudas para apoiar os investimentos ou accións de internacionalización.

O 70 % dos proxectos apoiados ata agora neste marco contaron con instrumentos de carácter retornable como son os préstamos, o capital risco ou as garantías; e o 30 % restante contaron con apoios mediante axudas, para reforzar os fondos propios das empresas. Nestes tres anos foron apoiados 8351 proxectos empresariais e o importe mobilizado ascendeu a máis de 1175 millóns de euros -é dicir, unha media de máis de 6 proxectos cada día e unha mobilización de preto de 900.000 euros-, dos que o 88 % se destinou a investimentos e o 12 % a capital circulante. Por sectores, o que máis mobilizou foi o da industria manufacturera, cun 64 % do total, seguido dos servizos (14 %) e transporte e almacenamento (11 %).

Só durante 2017, a Xunta de Galicia activou financiamento para 3262 proxectos empresariais -entre os que destacan iniciativas en sectores como o aeronáutico, o agroalimentario ou a fábrica intelixente-, incluíndo os programas financeiros ou de apoio aos investimentos ao emprendemento e á mellora da competitividade habilitados directamente a través do Igape, e os instrumentos de afianzamento das Sociedades de Garantía Recíproca (SGR). Entre os proxectos apoiados compre salientar novos investimentos como os de Delta Vigo, con case 24 millóns de euros; ou Lupeon, que inviste 0,9 M € para desenvolver tecnoloxías de fabricación en 3D, tanto en metal como en plástico.

Co programa Galicia 1000 a Xunta busca dar resposta coordinada ás necesidades financeiras reais dos autónomos, dos emprendedores e das pequenas e medianas empresas galegas. Un ano máis, as actuacións desenvolveranse de xeito coordinado entre a Administración autonómica -a través do Igape, Gain e XesGalicia- e diferentes axentes facilitadores de financiamento, entre os que se encontran as sociedades de garantía recíproca, as entidades financeiras e o Banco Europeo de Investimentos (BEI).

O SERGAS ESTIMA UN AFORRO DE 21,8 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS CO PLAN DE COMPRAS INTEGRADAS 2018-2019

- *O Plan de compras ten previsto un importe anual de case 246 millóns de euros de euros*
- *Realizarase unha importante aposta na contratación de medicamentos e produtos farmacéuticos, que suporán o 47,3 % do total das compras*
- *O 89 % do total das contratacións son produtos ou servizos que se incorporaron por vez primeira ao sistema de compras integradas*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou no Consello da Xunta o informe cos datos do novo Plan de compras integradas 2018-2019 do Servizo Galego de Saúde. O aforro global estimado nas compras integradas para este período é 21.882.000 euros anuais.

O Plan de compras integradas 2018-2019 do Servizo Galego de Saúde realizará expedientes de compra para todos os centros do organismo autónomo por un valor de compra anual de 245.963.000 euros. Destas contratacións, o 89 % (é dicir, 218,8 millóns de euros) son novos grupos de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas do Sergas.

Durante o período 2018-2019 a contratación integrada diríxese principalmente aos grupos de farmacia, produtos sanitarios e implantes. Neste senso, Almuiña destacou o importante esforzo que se vai facer na contratación de medicamentos e produtos dietoterapéuticos (farmacia) co 47,3 % do volume total que se vai a contratar. En concreto, serán 14 expedientes que contarán cun importe anual de 116,4 millóns de euros anuais.

En total, están previstos 70 expedientes de contratación que se tramitarán tanto desde servizos centrais do Sergas como desde cada unha das estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI). En concreto, o 67,4% do volume total dos 70 expedientes (un total de 46) estarán encomendados ás EOXI e terán un importe total de 165,6 millóns de euros.

Obxectivos do Plan de compras integradas 2018-2019

A posta en marcha dun novo Plan de compras integradas, permite á Consellería de Sanidade contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa Comunidade.

Os obxectivos son avanzar cara a central de compras, unificando ao máximo posible os produtos almacenados na Plataforma Loxística do Sergas, e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuindo os prezos de compra nun 10 %

como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

Neste 2018-2019 manteranse as actuais actuacións que xa se realizan de forma centralizada, e incorpóranse as que vencen neste período; ademais das que non foron tramitadas no plan anterior.

SANIDADE PON EN MARCHA DOUS NOVOS SERVIZOS DIXITAIS PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE E A INTERACCIÓN CO SISTEMA DE SAÚDE

- *Trátase da aplicación Saúde Móbil que servirá como unha xanela única para acceder a todos os servizos dixitais actualmente en marcha como a cita previa, E-Saúde, así como ás redes e ao resto de aplicacións*
- *O outro servizo posto en marcha denomínase Contacte e permitirá canalizar todas as achegas, dúbidas, preguntas e reclamacións de todo o servizo de saúde e facer un seguimento da súa tramitación*

A Consellería de Sanidade puxo en marcha dous novos servizos dixitais para mellorar a accesibilidade da cidadanía á sanidade pública. O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou ao Consello da Xunta sobre estas novas ferramentas que permitirán realizar canalizar e mellorar a participación da sociedade galega, así como un maior e mellor coñecemento de todos os servizos dixitais.

O Sergas continúa desta forma a súa aposta por desenvolver novos modelos de comunicación coa sociedade; impulsar a dispoñibilidade de canles de comunicación dixital e propiciar unha actitude proactiva dos cidadáns, que permita conseguir servizos máis eficientes e cidadáns mellor informados, máis implicados e con un maior nivel de autonomía.

Saúde Móbil: xanela ao catálogo de aplicación, redes e actualidade

Esta aplicación, que xa se pode descargar de forma completamente gratuíta, funcionará como unha xanela única de acceso a todos os servizos dixitais da sanidade pública galega, proporcionando tamén visualización de noticias, redes sociais e avisos xerais.

Os usuarios terán unha pantalla de inicio con accesos directos a E-Saúde, ao aplicativo para solicitar citas de atención primaria e á aplicación Contacte para enviar achegas e reclamacións. Tamén hai un enlace a outro tipo de aplicacións tamén en marcha como SIGUE, que facilita a interaccións dos pacientes e familiares cos edificios sanitarios, aplicacións de vacinas como VACGAL, ou a de Urgencias Sanitarias de Galicia para facilitar o acceso a estes servizos, entre outras.

Así mesmo, na xanela de inicio permitirá acceder a varias listaxes de últimas novas publicadas polo Servizo Galego de Saúde, outra de redes sociais dos diferentes organismos dependentes da Consellería de Sanidade, e outra listaxe das mensaxes enviadas para comunicar aos usuarios que así o soliciten novidades ou avisos.

Contacte: nova canle directa coa cidadanía

A ferramenta Contacte funcionará como unha canle única para realizar achegas e reclamacións ao sistema público de saúde. Está destinado a todos os que se relacionan dalgunha forma co sistema, isto é, tanto a cidadanía, como empresas ou profesionais; e ten como obxectivo fomentar a súa participación e garantir que reciban unha resposta axeitada. O seu lema é “Ti consultas, ti reclamas, ti suxires. Nós respondemos”.

A cidadanía poderá desde calquera sitio e dispositivo (teléfono, tableta ou ordenador), os 365 días do ano, dirixir achegas, críticas, agradecementos, preguntas ou suxestións de xeito anónimo ou con identificación dixital. Tamén permite a presentación de reclamacións con identificación dixital (mediante certificado dixital, DNI electrónico ou CHAVE365).

O acceso a este servizo poderá realizarse desde a web do Sergas, E-Saúde ou a APP Saúde Móbil. Todas as achegas e as reclamacións quedarán rexistradas e identificadas, e o cidadán poderá facer un seguimento directo do estado da tramitación, comunicar cambios vía SMS ou correo electrónico, e facer unha valoración da atención e da resposta recibido. Este seguimento e valoración garanten en todo momento a transparencia do proceso.